



ORDENANZA NON FISCAL REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA VENDA DE EXEMPLARES DE "OS BOLECHAS VAN A OIA"

PUBLICACIÓN

✓ BOPPO 20 abril 2017, nº 76

ARTIGO 1.- FUNDAMENTO E NATUREZA

De acordo co previsto no artigo 127, en relación co artigo 41, ambos do TR 2/2004 da Lei reguladora das facendas locais, este concello procede ao establecemento e regulación dun prezo público pola veda de exemplares de “Os Bolechas van Oia”.

ARTIGO 2.- CONCEPTO

O prezo público regulado nesta ordenanza constitúe unha prestación patrimonial de carácter público que satisfarán os que voluntariamente decidan comprar un ou máis exemplares da 1ª edición de “Os Bolechas van a Oia”.

ARTIGO 3.- OBRIGADOS Ó PAGO

Son obrigados ao pago do prezo público regulado nesta ordenanza os que voluntariamente adquiren un ou máis exemplares da 1ª edición de “Os Bolechas van a Oia”.

ARTIGO 4.- CONTÍA

1. A contía do prezo público regulado nesta ordenanza é de 4,50 € (b.i. 4,35 € e ive (4%) 0,17 €).

ARTIGO 5.- NORMAS DE XESTIÓN

1. A obriga de pago do prezo público regulado nesta ordenanza nace no momento en que se inicia a prestación do servizo, que coincide coa compra física do exemplar, nas dependencias municipais en que este a disposición.



CONCELLO DE OIA

2. O pago realizarase en efectivo en portelo, ou ben, mediante ingreso en conta bancaria municipal; neste ultimo caso, o comprador deberá aportar xustificante bancario de pago para a entrega do/s exemplares que queira adquirir.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

A presente ordenanza non fiscal de prezo público será publicada integramente no Boletín Oficial da Provincia e producirá efectos inmediatamente da súa publicación, ata a súa derogación ou modificación.

En Oia, a 3 de abril de 2017.-

A Alcaldesa, Cristina Correa Pombal.

*Asdo dixitalmente á marxe.